

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP XOÁN DE REQUEIXO
CURSO: 4º
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tanto os estándares de aprendizaxe como as competencias chave imprescindibles para levar a cabo no terceiro trimestre, amósanse agrupados nos 5 bloques de contidos que conforman a lingua estranxeira, seguindo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. ^[1] _[SEPE]	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.	C L	CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese. CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto. ^[1] _[SEPE]	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.	C L	CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá.

Bloque 2. Producción de textos orais.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente	PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata,	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
illadas ou enlazadas con conectores básicos (<i>and/or/then</i>). ^{[1][2]} _[SEP]	cunha pronuncia e entoación comprensibles.		

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. ^{[1][2]} _[SEP]	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	C L	CL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o sentido global do mesmo. CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.
B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. ^{[1][2]} _[SEP]	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.	C L	CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.

Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. ^{[1][2]} _[SEP]	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	C L	CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.
	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.		
	PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.		

Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. ^[11] _[SEP]	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	CL SC	CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de palabra.
B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.	PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.	PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).	CL	CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

2. Avaliación e cualificación.

Primeiramente, mencionar que seguiremos facendo unha avaliación continua das tarefas propostas para este terceiro trimestre.

Estamos inmersos nunha situación extraordinaria na que hai alumnado que non ten ordenador na súa casa e outros non dispoñen de acceso á internet. Por este motivo, considero que debemos adaptarnos a esta realidade e adaptarnos ás necesidades do noso alumnado e das súas características persoais, familiares e sociais.

Para a avaliación final de curso, terase en conta a media acadada na primeira e na segunda avaliación. En canto á terceira avaliación, aquel alumnado que realice as tarefas encomendadas e teña un seguimento continuado de inglés, terá a posibilidade de acadar como máximo 1 punto, que será engadido á media obtida entre a primeira e a segunda avaliación. Aquel alumnado que non faga un seguimento das tarefas e non traballe non se lle outorgará esta cualificación de un punto e de igual modo non será penalizado. Isto foi acordado polo Claustro do CEIP Xoán de Requeixo, nunha reunión mantida o 15 maio do 2020 por medio de videoconferencia. En ningún caso puntuará negativamente que o alumnado non realice as tarefas.

O punto extra deste trimestre será obtido a través da entrega das tarefas propostas polo profesorado.

- Entrega de todas as tarefas propostas pola mestra: 0,5 puntos.
- Presentación das tarefas con limpeza e orde: 0,1.
- Avaliación das tarefas:0,4 en canto ao grado de cumprimento (0,4 se non ten erros; 0,2 se o número de erros non é significativo; 0 se o número de erros é moi significativo).

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

En primeiro lugar, habilitouse un aula virtual na que o alumnado terá acceso de forma dixital aos libros Oxford Rooftops 4. Tamén se creou un blogue obloguedamestraconchi.blogspot.com onde se subirán actividades que o alumnado deberá realizar.

Para adaptarme a aquel alumnado que non ten moita conectividade á internet, as tarefas serán enviadas tamén a través dun grupo de Whatsapp. A mestra enviará semanalmente as tarefas e as familias unha vez que as teñan realizadas ás enviarán a través de correo electrónico ou a través de fotos por Whatsapp.

O terceiro trimestre estará enfocado ao reforzo e repaso de contidos. Só se realizarán actividades de ampliación para aquel alumnado que se considere oportuno a ter acadados con creces os contidos previamente. Proporáanse actividades de reforzo e recuperación para o alumnado teña unha continuidade de traballo e que non acadasen os obxectivos en ambas ou nalgunha das avaliacións previas.

Debido a que meirande parte do alumnado, ten superadas estas avaliacións ofrecerase a posibilidade de ampliación de contidos sempre que non necesiten reforzar contidos. Quedou pendente a última unidade didáctica que do libro de texto que non foi posible realizar.

Previamente consultadas as familias, quedamos en enviar o traballo a través do grupo de whatsapp de forma xeral para todo o alumnado e de forma individual a través de fichas que as familias se encargan de imprimir para o alumnado que non dispón de internet e/ou ordenador.

Faremos emprego da aula virtual para seguir a traballar os listenings e que o alumnado poida ver os vídeos sobre as historias. Tamén faremos emprego de recursos dixitais que nos permitan traballar a través de xogos e/ou actividades interactivas. Por último, as actividades estarán enfocadas a acadar os estándares de aprendizaxe esenciais propostos para este trimestre e que permitan unha aprendizaxe globalizadora como a comprensión de textos orais e escritos e a expresión de textos escritos. A expresión oral vaise ver afectada negativamente xa que o alumnado ao non dispor de unha boa conectividade á internet nin ter ordenado ou tablet, non podemos levar a cabo clases virtual.

4. Funcións comunicativas traballadas este curso 2019/2020.

- ✓ Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- ✓ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- ✓ Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
- ✓ Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.
- ✓ Descrición das rutinas diarias.
- ✓ Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- ✓ Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- ✓ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- ✓ Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- ✓ Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- ✓ Expresión básica de desexos.
- ✓ Expresión de instrucións.

- ✓ Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

Estructuras sintáctico-discursivas.

- ✓ Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).
- ✓ Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is...).
- ✓ Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
- ✓ Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No I haven't).
- ✓ Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it ?, It's (Half) past (one)...).
- ✓ Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o'clock) on (Monday)).
- ✓ Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to) Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
- ✓ Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?). - Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't). Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- ✓ Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).